CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

# DECRETO

Id.Pl.: SE/decreto

**ASUNTO: DECRETO MODIFICACION PROTOCOLO USO INSTALACIONS DEPORTIVAS DO CONCELLO PARA FACER FRONTE Á NOVA REALIDADE OCASIONADA POLA PANDEMIA COVID-19 ESPECÍFICO PARA COMPETICIÓNS DEPORTIVAS FEDERADAS**

**DECRETO USO INSTALACIONS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS PARA FACER FRONTE Á NOVA REALIDADE OCASIONADA POLA PANDEMIA COVID-19 ESPECÍFICO PARA COMPETICIÓNS FEDERADAS.**

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada o 14 de outubro de 2020, acordou a aprobación do "Protocolo de uso de instalacións deportivas municipais do Concello de Monforte para facer fronte á nova realidade ocasionada pola pandemia do COVID-19, específico para competicións deportivas federadas"

A ORDE do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia establece, entre outras, a última normativa a aplicar no que a práctica de actividade deportiva se refire.

Algunhas federacións deportivas galegas xa iniciaron as competicións deportivas de carácter oficial, e outras teñen previsto un inicio inminente delas, o que supón un paso máis na procura de certa normalidade, por parte dos entes de promoción deportiva, no que a práctica deportiva se refire.

O Concello de Monforte, como ente de promoción deportiva, tamén quere dar un paso máis na procura desta normalidade, tendo en conta sempre o máis estrito acatamento á normativa vixente en materia de práctica deportiva no contexto de pandemia do COVID-19 no que nos atopamos.

Tendo en conta o anteriormente exposto, e atendendo á última normativa publicada que regula a práctica deportiva no contexto de pandemia do COVID-19,

Con base no anteriormente exposto, en virtude das atribucións que me confire o art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia, esta Alcaldía RESOLVE:

**PRIMEIRO**.-Prestar aprobación ao Protocolo de Uso de Instalacións Deportivas Municipais do Concello de Monforte para facer fronte á nova realidade ocasionada pola pandemia do COVID-19, específico para competicións deportivas federadas, co seguinte detalle:

**"PROTOCOLO DE USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MONFORTE PARA FACER FRONTE Á NOVA REALIDADE OCASIONADA POLA PANDEMIA DO COVID-19, ESPECÍFICO PARA COMPETICIÓNS DEPORTIVAS FEDERADAS.**

## 1-INTRODUCCIÓN:

O Concello de Monforte aprobou, por Decreto de Alcaldía do día 30 de setembro de 2020, a concesión de uso de Instalacións Deportivas Municipais para adestramentos e actividades deportivas durante a tempada 2020 – 2021.

CSV: 07E50006E5B200K1G9B8M5X1F3

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50006E5B000V2V5X2V2K8L7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 23/03/2021
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 24/03/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 24/03/2021 08:33:32

DECRETO: 2021000375
Fecha: 24/03/2021
Hora: 08:33
Persona 76561868C

Algunhas das Federacións Deportivas Galegas xa iniciaron as competicións federadas, e outras teñen planificado o seu inminente inicio, nas que van a participar equipos do Concello de Monforte aos que se lles autorizou o uso de instalacións deportivas durante a tempada 2020 – 2021.

E por estes motivos polos que se establece o seguinte actualización do protocolo de uso de Instalacións Deportivas Municipais específico para competicións deportivas federadas.

Este protocolo está deseñado tendo en conta a seguinte normativa:

- LEY 10/1990, de 15 de outubro, do deporte.
- LEY 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia.
- RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara unha nova normalidade.
- RESOLUCIÓN do 15 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se aproba o protocolo Fisicovid-DxTgalego polo que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia.
- RESOLUCIÓN do 17 de xullo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 17 de xullo de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.
- ORDE do 27 de agosto de 2020 sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición caca a unha nova normalidade.
- ORDE do 9 de setembro de 2020 sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición caca a unha nova normalidade.
- ORDE do 17 de setembro de 2020 sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición caca a unha nova normalidade.

CSV: 07E50006E5B200K1G9B8M5X1F3

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50006E5B000V2V5X2V2K8L7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 23/03/2021
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 24/03/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 24/03/2021 08:33:32

DECRETO: 2021000375
Fecha: 24/03/2021
Hora: 08:33
Persona 76561868C

- ORDE do 30 de setembro de 2020 sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición caca a unha nova normalidade.

- ORDE do 17 de marzo de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

O contido deste protocolo sufrirá tantas modificacións e adaptacións como sexan necesarias tendo en conta a evolución da pandemia do COVID-19 e as directrices que diten as autoridades sanitarias.

Este protocolo aplicarase nas seguintes instalacións deportivas:

- Pavillón Municipal da Pinguela
- Pavillóns polideportivos escolares
- Campo Municipal de Fútbol da Pinguela
- Campo Municipal de Fútbol Luís Bodegas

Este protocolo é específico para as competicións deportivas oficiais de carácter federado.

## 2- REQUISITOS PREVIOS Á UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS PARA COMPETICIÓNS

- Para que os clubs poidan utilizar as instalacións deportivas para a realización de competicións federadas, será necesario que conten coa autorización do Concello de Monforte.
- Os equipos de fora de Monforte, que acudan a algunha das Instalacións Deportivas Municipais a participar nalgún tipo de competición deportiva federada, deberán enviarlle con anterioridade ao club deportivo de Monforte co que se van a enfrontar unha declaración responsable de compromiso de responsabilidade de cumprimento das normas de protección fronte ao COVID-19. Estas declaracións asinadas deberán estar a disposición do Concello de Monforte cando sexan requiridas.

## 3- PROTOCOLO DE USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MONFORTE DURANTE A CELEBRACIÓN DE COMPETICIÓNS DEPORTIVAS OFICIAIS DE CARÁCTER FEDERADO.

- Considéranse competicións deportivas oficiais de ámbito estatal aquelas que así se cualifiquen pola correspondente Federación Deportiva Española, salvo as de carácter profesional, cuxa cualificación corresponderalle ao Consello Superior de Deportes.

CSV: 07E50006E5B200K1G9B8M5X1F3

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50006E5B000V2V5X2V2K8L7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 23/03/2021
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 24/03/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 24/03/2021 08:33:32

DECRETO: 2021000375
Fecha: 24/03/2021
Hora: 08:33
Persona 76561868C

- Considéranse competicións deportivas oficiais de ámbito autonómico as cualificadas como tales polas respectivas Federacións deportivas de Galicia ou pola Administración deportiva autonómica dentro do seu ámbito de competencia.

- Poderán acceder ás instalacións deportivas con fin participar en competicións deportivas oficiais, aqueles clubs e entidades deportivas do Concello de Monforte aos que lles sexa concedida autorización, así como o equipo rival que lle corresponda como opoñente segundo os calendarios oficiais publicados pola federación deportiva correspondente.

- Está permitida a asistencia de espectadores ás competicións deportivas coas limitacións establecidas no punto 3.1 do presente protocolo.

- So se permitirá o acceso á pista ou terreo de xogo a deportistas, persoal técnico, árbitros/as e xuíces. Directivos e responsables do Club poderán acceder á instalación deportiva pero non á pista e ao terreo de xogo.

- As Federacións Deportivas Galegas deberán dispor dun protocolo específico para a celebración de competicións, que será aprobado mediante resolución da Secretaría Xeral para o Deporte, no que se identifiquen as situacións potenciais de contaxio, atendendo ás vías recoñecidas polas autoridades sanitarias, e no que se establezan as medidas de tratamento de risco de contaxio adaptadas á casuística.

- Sempre que sexa posible, durante a práctica da actividade deportiva federada deberá manterse a distancia de seguridade interpersoal. Aplicarase, respecto ao uso da máscara, o recollido especificamente no protocolo das federacións deportivas respectivas aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte. En todo caso, no dito protocolo deberá preverse que cando a actividade deportiva supoña contacto físico entre as persoas que a practican deberá utilizarse a máscara, salvo que no protocolo respectivo se inclúan medidas alternativas de protección específicas.

- Tanto os produtos necesarios para a desinfección do material deportivo como os xeles desinfectantes para os deportistas e persoal técnico deberá ser subministrado por cada un dos clubs deportivos usuarios das instalacións.

- Poderanse usar os vestiarios coas limitacións establecidas no punto 3.2 do presente protocolo.

- O calzado que se utilizará para participar na competición será diferente ao que traia o deportista da rúa. Este deberá trasladarse en bolsa independente.

- Os deportistas non poderán compartir alimentos, bebidas ou similares.

CSV: 07E50006E5B200K1G9B8M5X1F3

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50006E5B000V2V5X2V2K8L7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 23/03/2021
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 24/03/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 24/03/2021 08:33:32

DECRETO: 2021000375
Fecha: 24/03/2021
Hora: 08:33
Persona 76561868C

- Antes de entrar e ao saír do espazo asignado deberán limparse as mans con xel desinfectante que deberá estar dispoñible no espazo habilitado para o efecto.

- Na cancha de xogo so poderán permanecer os equipos que vaian a disputar a competición deportiva. No caso de competicións deportivas de xeito consecutivo, en diferentes franxas horarias, os equipos que vaian a competir na segunda franxa ou seguintes non poderán acceder á cancha deportiva ata que os equipos que competiran na franxa anterior a abandonen. Establecerase un tempo entre competicións para desinfectar as zonas comúns utilizadas. Os responsables dos clubs terán que velar porque esta norma se cumpra e controlar os accesos dos seu equipos.

- De ser o caso deberán respectarse as circulacións interiores establecidas en cada unha das instalacións.

### 3.1- ASISTENCIA DE ESPECTADORES ÁS COMPETICIÓNS DEPORTIVAS

- Está permitida a asistencia de público nas seguintes instalacións deportivas:
  - Campo Municipal de Fútbol da Pinguela.
  - Pavillón Municipal da Pinguela
  - Campo Municipal de Fútbol luís Bodegas

- Non se poderán superar os límites de capacidade permitida establecidos en cada momento, que actualmente son os seguintes:

  - Campo Municipal de Fútbol da Pinguela: 220 espectadores/as
  - Pavillón Municipal da Pinguela: 91 espectadores/as
  - Campo Municipal de Fútbol Luís Bodegas: 83 espectadores/as

  Estes cálculos de capacidade están feitos tendo en conta que cada persoa asistente que ocupa un dos asentos da grada ten garantida a distancia de seguridade de 1,5 metros nas catro direccións e sen superar o 30 % da capacidade máxima permitida.

- No caso de instalacións deportivas nas que se leven a cabo dous partidos á vez, a capacidade permitida para cada un dos encontros será do 50 % do total autorizado.

- Co fin de evitar aglomeracións, a distribución dos asistentes será homoxénea polos asentos e haberá unha planificación axeitada para controlar os accesos e o fluxo de circulación dos asistentes. Debe preverse a apertura de todas as portas dispoñibles coa antelación suficiente.

- Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal.

CSV: 07E50006E5B200K1G9B8M5X1F3

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50006E5B000V2V5X2V2K8L7 en la Sede Electrónica de la Entidad
FIRMANTE - FECHA
JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 23/03/2021
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 24/03/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 24/03/2021 08:33:32
DECRETO: 2021000375
Fecha: 24/03/2021
Hora: 08:33
Persona 76561868C

- Correspóndelle á entidade deportiva o control de acceso dos/as espectadores/as ás instalacións deportivas. No caso de que non estea garantido o control de accesos por parte da entidade deportiva non se permitirá a asistencia de público.

- Correspóndelle á entidade deportiva o establecemento das circulacións específicas dos/das espectadores/as, así como a asignación de asentos e a súa sinalización.

- Os medios necesarios para o control de acceso do público correrán a cargo das entidades deportivas.

- Cada entidade deportiva deberá levar un rexistro das persoas autorizadas para acceder ás instalacións como espectadores/as en cada competición. Esta listaxe deberá estar a disposición do Concello de Monforte ou das autoridades sanitarias, no caso de ser requirida, cumprindo coas normas de protección de datos de carácter persoal.

- As persoas espectadoras que acudan ás instalacións deportivas municipais deberán levar máscara en todo momento.

- As persoas espectadoras deberán permanecer sentados nalgún dos asentos habilitados na grada. Non está permitida a asistencia de público de pé.

### 3.2- USO DE VESTIARIOS E DUCHAS

- Recoméndase limitar a estancia nos vestiarios ao menor tempo posible.
- Está permitida a utilización de vestiarios e duchas nas seguintes instalacións deportivas:
  - Campo Municipal de Fútbol da Pinguela.
  - Pavillón Municipal da Pinguela
  - Campo Municipal de Fútbol Luís Bodegas

- A capacidade máxima establecida para cada vestiario estará visible na porta de acceso. É obrigatorio cumprir coa capacidade máxima permitida establecida, e é responsabilidade do club deportivo velar polo seu cumprimento.

- No caso de xornadas de competición con partidos de xeito consecutivo, onde o vestiario que use un equipo vai a ter que volver a ser utilizado por outro equipo, o vestiario terá que ser desinfectado. Esta operación de desinfección terá que ser levada a cabo polo club deportivo ao finalizar o uso do vestiario.

- No interior do vestiario é obrigatorio cumprir coa distancia de seguridade e utilizar a máscara, salvo na ducha.

CSV: 07E50006E5B200K1G9B8M5X1F3

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE
La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50006E5B000V2V5X2V2K8L7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 23/03/2021
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 24/03/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 24/03/2021 08:33:32

DECRETO: 2021000375
Fecha: 24/03/2021
Hora: 08:33
Persona 76561868C

## 4- MEDIDAS DE CONTROL DE USUARIOS E INCIDENCIAS

- O club deportivo local deberá levar un rexistro de todas as persoas que accedan ás instalacións para participar na competición, que inclúa o nome e apelidos do deportista ou membro do club e o horario de acceso e saída da instalación deportiva.

- Os clubs deportivos deberán levar un rexistro de todas as persoas que accedan ás instalacións en calidade de espectadores/as, cumprindo coas normas de protección de datos de carácter persoal.

- Os clubs deportivos deberán rexistrar calquera incidencia que se produza en relación co COVID-19 e comunicarlla inmediatamente ó Concello de Monforte.

- Estes rexistros deberán estar a disposición do Concello de Monforte e das autoridades sanitarias, que os poderá reclamar en calquera momento.

## 5- COMUNICACIÓN E SEGUIMENTO DE SINTOMATOLOXÍA COVID-19

No caso de que algún usuario das instalacións deportivas teña sintomatoloxía do virus COVID-19, deberá informar de xeito inmediato ao servizo galego de saúde para iniciar o protocolo previsto pola Consellería de Sanidade (https://www.sergas.es/Saude-publica/Novo-coronavirus-2019-nCoV?idioma=es). Neste senso, considérase sintomatoloxía do virus COVID-19 un cadro clínico de infección respiratoria aguda (IRA) de aparición súbita e de calquera gravidade, incluíndo febre, tose ou falta de alento, entre outros.

En caso de detección dun sospeitoso por COVID-19 no entorno da práctica deportiva, deberanse seguir as pautas determinadas polas autoridades sanitarias. A persoa afectada retirarase do grupo e conducirase a outro espazo, facilitándolle unha máscara cirúrxica. Este espazo deberá ser elixido previamente, e debería contar con ventilación adecuada, e unha papeleira de pedal con bolsa, onde tirar a máscara e panos que se poidan desbotar. Contactarase co centro de saúde correspondente á persoa ou co teléfono (900400116), e seguirán as súas instrucións. Se se percibira gravidade chamarase ao 061.

En todo caso, seguirase en todo momento as recomendacións das autoridades sanitarias.

**SEGUNDO.-** Dar traslado do mesmo ao técnico de deportes e proceder á publicación na páxina web municipal.

CSV: 07E50006E5B200K1G9B8M5X1F3

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50006E5B000V2V5X2V2K8L7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 23/03/2021
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 24/03/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 24/03/2021 08:33:32

DECRETO: 2021000375
Fecha: 24/03/2021
Hora: 08:33
Persona 76561868C

CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

# DECRETO

Id.PI.: SE/decreto

**COMPROMISO DE RESPONSABILIDADE PARA O USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MONFORTE DURANTE A CELEBRACIÓN DE COMPETICIÓNS DEPORTIVAS FEDERADAS.**

D./Dª. _____con DNI._____, en nome e representación do club_____, comprométome a cumprir e facer cumprir os protocolos de prevención do COVID-19 aprobados para a instalación deportiva, así como as directrices emitidas polas autoridades sanitarias en cada momento.

Do mesmo xeito declaro que todas as persoas que se desplazarán a Monforte o día_____ co fin de participar na competición deportiva federada:

- Non teñen síntomas compatibles co contaxio por COVID-19.
- Non temos constancia de que tiveran contacto estreito con persoas infectadas por COVID-19.

En _____, a _____, de _____, de 2020

Sinatura

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde
Ordena e asina o Sr. Alcalde

CSV: 07E50006E5B200K1G9B8M5X1F3

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50006E5B000V2V5X2V2K8L7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 23/03/2021
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 24/03/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 24/03/2021 08:33:32

DECRETO: 2021000375
Fecha: 24/03/2021
Hora: 08:33
Persona 76561868C

# DECRETO

Id.PI.: SE/decreto

Certifica e asina o Sr. Secretario

CSV: 07E50006E5B200K1G9B8M5X1F3

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50006E5B000V2V5X2V2K8L7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 23/03/2021
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 24/03/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 24/03/2021 08:33:32

DECRETO: 2021000375
Fecha: 24/03/2021
Hora: 08:33
Persona 76561868C